

MEDIO AMBIENTE

**CONCELLERÍA
DE
MEDIO AMBIENTE E
VIDA SAUDABLE**
**CONCELLO
DE VIGO**


EXPEDIENTE: 14674/306	TIPO EXPTE.: TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DE ORDENANZA
	SOLICITANTE: Concello De Vigo - Área De Medio Ambiente e Vida Saudable: Servizo de Medio Ambiente

ANUNCIO

REAPERTURA DE TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA ESPECÍFICA DE PRAIAS NO CONCELLO DE VIGO”

Con data 27 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do acordo.

Con data 28 de febreiro de 2020 o acordo publicouse na sede electrónica municipal aos efectos de consulta pública.

Con data 14 de marzo de 2020, por Real decreto 463/2020, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 entrando en vigor nesa mesma data. Na Disposición adicional terceira establécese que se suspenden términos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento en que perda vixencia o Real decreto ou, no seu caso, as prórrogas ao mesmo.

Con data 23 de maio de 2020, ao abeiro do artigo 9 do Real decreto 573/2020, do 22 de maio, se declara o levantamento dos prazos administrativos reanudándose o 1 de xuño de 2020.

Polo exposto, **o prazo de consulta pública da Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo reanúdase o vindeiro 1 de xuño de 2020 ata o 12 de xuño de 2020** para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do acordo.

O que se fai público para o xeral coñecemento debendo publicarse este anuncio e o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2020 na sede electrónica municipal ata o devandito 12 de xuño de 2020 que remata o prazo de consulta pública.

SG/

Vigo, na data da sinatura dixital
O xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo
Secundino Otero Faílde

Conforme,
A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable
Nuria Rodríguez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/06/2020 11:27

Páxina 1 de 1

Expediente 14674/306

CSV: 25EEEEA-54442F-E327C3-VZ3YR8-G6RH38-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>